



ENCONTROS A BIBLIOTECA ESCOLAR. CENTRO CREATIVO DAS APRENDIZAXES



CÓDIGO FPROFE: S2303001

COORD.: MARTA VALDERRAMA

- 981522411
- <cafi.zona4@edu.xunta.gal>

ONDE E CANDO:

- **CAFI**, planta baixa, aula nova e biblioteca
- mércores 10/04 e 17/04 2024
- De 16.30 a 20.30 h.

OBXECTIVOS

- Avanzar no modelo de biblioteca escolar do s. XXI, deseñada como laboratorio creativo de aprendizaxes aberto a toda a comunidade escolar promovendo multialfabetismos, creatividade, expresión, comunicación e colaboración.
- Deseñar recursos que contemplan os multialfabetismos e sexan inclusivos no contexto dun proxecto documental integrado ou outros proxectos colaborativos dirixidos a toda a comunidade educativa.
- Procurar estratexias para a integración plena dos recursos da biblioteca escolar nos procesos de ensino e aprendizaxe.

CONTIDOS:

- A biblioteca escolar como espazo creativo aberto ao deseño, á creación, á experimentación e á aprendizaxe colaborativa.
- Coordinación de proxectos colaborativos destinados a reforzar os multialfabetismos e as competencias clave do alumnado, así como a participación activa da comunidade escolar.
- Outros obxectivos, recursos e actividades que ter en conta na biblioteca creativa: radio e creación de produtos audiovisuais, xogos manipulativos, creatividade, investigación e exploración.

SEGUIMENTO:

- Das 8 horas só se pode faltar a 1 para poder certificar (artigo 23 da ORDE do 14 de maio de 2013).
- Agardamos que vos levedes ao saídes da formación unha listaxe de actividades que reforcen os multialfabetismos de xeito creativo.

Nivel medio

COMPETENCIAS PROFESIONAIS DOCENTES:

- Competencia en organización escolar e colaboración
 - Deseño, coordinación e execución de propostas
 - Participa activamente nos proxectos levados a cabo no centro aportando propostas de mellora que contribúan ao progreso educativo.
- Competencia didáctica
 - Didácticas específicas e metodoloxías
 - Aplica diferentes propostas didácticas e metodolóxicas na aula, en función do obxectivo de aprendizaxe e da diversidade do seu alumnado

DESCRICIÓN:

- Encontros de 8 horas presenciais, secuenciado en 4 h dúas tardes.
- Para todos os corpos e especialidades.
- Especialmente interesante para quen estea a coordinar a formación en centros e leve polo menos tres anos seguindo formación na liña temática de BE.
- Terá prioridade o profesorado da zona CAFI.

METODOLOXÍA:

- Propostas creativas que fomenten a lectoescritura. Procurarase o manexo activo de ferramentas e recursos por parte das persoas asistentes. En concreto:
 - María Lobo, de Gingko, acompañará un proceso de aprendizaxe entre iguais, a través de prácticas de creación audiovisual como metodoloxías didácticas.
 - Os coordinadores de biblioteca Diego Rúa e Iván Pena proporán prácticas con gamificación en relación a diversos kits STEM.